

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE ABRIL DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **DEZASETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, réunese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- SERVIZOS SOCIAIS.**
- 3º.- EXPEDIENTE DISCIPLINARIO.**
- 4º.- URBANISMO.**
- 5º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI.**
- 6º.- CONCESIÓN DE PREMIOS DO II CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO.**
- 7º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE UN VEHÍCULO TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO O SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO.**
- 8º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO”.**

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 28 de Marzo de 2017

2º.- SERVIZOS SOCIAIS.

2.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrência, de C.S.S.

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 04 de abril de 2017, de alta no SAF no programa de libre concorrência de C.S.S.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a **C.S.S.** segundo informe da Traballadora Social, de data 04 de abril de 2017.

2.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de J.E.O.

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 31 de marzo de 2017, de alta no SAF no programa de libre concorrencia de J.E. O.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a **J.E. O.** segundo informe da Traballadora Social, de data 31 de marzo de 2017.

2.3.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 31 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **S.A.L.** importes:

2.4.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 30 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **M.L.G.**, polos seguintes importes: -----

2.5.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 31 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **M.P.S.R.** polos seguintes importes: -----

3º.- EXPEDIENTE DISCIPLINARIO.

A Xunta de Goberno Local queda enterada da Resolución da Alcaldía, de data 03 de febreiro de 2017, incoando expediente disciplinario ó traballor municipal Iván Varela Iglesias.

O Sr. Alcalde fai constar que o expediente resolveuse con apercibimento verbal.

4º.- URBANISMO.

4.1.- Reforma e adecuación de almacén para cortes de vacún e ampliación. FLORA OTERO GÓMEZ.

Vista a solicitude de licenza, presentada por FLORA OTERO GÓMEZ, Rexistro de Entrada nº 5154 de data 17 de novembro de 2016, para reforma e adecuación de almacén para cortes de vacún e ampliación, no paraxe de Tras das Eiras, lugar de Soutonogueira, parroquia de Parada (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión.

Visto o informe emitido o 17 de abril de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Flora Otero Gómez

Data de rexistro: 17.NOV.2016

Nº: 5154

Data escrito: 17.NOV.2016

Solicitude: Reforma e adecuación de almacén para cortes de vacún e ampliación.

Tipo de Solicitude: Obra Maior

Superficie construída: 187 m2

Emprazamento: Praxe de Tras das Eiras, Soutonogueira, Parada.

Referencia catastral: 36052S507008290000KX

Superficie catastral: 9.470 m2.

Autor do Proxecto: Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. 579

Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 21/09/2016, nº 20160380

Dirección de Obra: Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. 579

Oficio de Dirección: Visado polo Colexio Oficial 21/09/2016, nº 20160380

Dirección de Execución: n/d

Exposición pública: BOP

DOGA

Prensa

Orzamento (P.E.M.): 6.500,00 €

P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 14.779,91 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, p.:lr el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,

3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,

5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,

6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

11 R.D, 2187/1978, de 23 de junio de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

12 Planeamento do Concello de Silleda

12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Flora Otero Gómez, presentada con R.E. 5154 de 17.NOV.2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola col. 579.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará no redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sino lados polo Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Reforma e adecuación de almacén para cortes de vacún e ampliación**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo **35.1 .h)** da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo **36**, salvo mellor criterio. Sobre a parcela xa se asenta unha edificación

destinada a "galpón para usos agrícolas", con licenza concedida en Xunto de Goberno Local de día 1 de Outubro de 2010 (r.s. 2123 de 11.NOV.2010). Sobre esta edificación preténdese un cambio de uso, admisible nesta clase de solo segundo a normativa vixente.

6. Cumprimento dos artigos 39,91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p>	
<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p> <p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. 	SI
<ul style="list-style-type: none"> - O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos. 	SI
<ul style="list-style-type: none"> - Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen. 	SI
<ul style="list-style-type: none"> - A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. <p>Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p>	SI
<p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m). - A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas. 	SI

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

SI

SI

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

SI

35.1.h

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Non procede
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Non procede
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Non procede
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.**

8. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan 2012	Xeral	Cumpre
Superficie mínima de parcela	9.390	2000	3000		Si
Altura de cornixa	2,80 m	7,00 m	7,00		Si
Ocupación máxima	1,99%	20%	20%		Si
Superficie ocupada en planta					Si
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1		Si
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m		Si
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	4 m		Si
Acceso rodado	SI	SI	SI		Si
Altura máxima soto		3 m			Si

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu., multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup.	€/m ²	Tipo de obra	C ₁	Tipo de uso	C _u	C _g	
Planta baixa	1	95,70	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Granxas	0,3	0,9	14.779,91 €
TOTAL	95,70 m ²						PEM		14.779,91 €

11. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

11.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria. A solicitante aporta copia do informe emitido polo nomeado Servizo, asinado o día 7 de novembro de 2016 e remitido con rexistro de saída nº 106939/RX1620337 de 11/11/2016.

12. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Reforma e adecuación de almacén para cortes de vacún e ampliación solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a FLORA OTERO GÓMEZ para reforma e adecuación de almacén para cortes de vacún e ampliación, no paraxe de Tras das Eiras, lugar de Soutonogueira, parroquia de Parada (Silleda), parcela con referencia catastral 36052S507008290000KX, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle:

X Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Segundo .- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €

60,00	60,00		60,00	60,00	0,00
-------	-------	--	-------	-------	------

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
14.779,91	14.779,91	2,25 %	332,55	146,25	186,30

Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no

prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

4.2.- Rehabilitación de almacén agrícola para ampliación de vivenda unifamiliar en planta baixa e primeira. ELISA FERREIRO MATO.

Vista a solicitude de licenza, presentada por ELISA FERREIRO MATO, Rexistro de Entrada nº 3274 de data 28 de xullo de 2016, para rehabilitación de almacén agrícola para ampliación de vivenda unifamiliar en planta baixa e primeira, no lugar de Freixeiro, nº 28, parroquia de Laro (Silleda), segundo proxecto básico do arquitecto Pablo Pol Barros.

Visto o informe emitido o 17 de abril de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Elisa Ferreiro Mato

Data de rexistro: 28.XUL.2016

Nº: 3274

Data escrito: XUL.2016

Solicitude: Rehabilitación de almacén agrícola para ampliación de vivenda unifamiliar en planta baixa e primeira

Tipo de Solicitude: Obra Maior

Superficie construída: 138,37 m2.

Emprazamento: Lugar de Freixiero, nº 28, Laro

Referencia catastral: 36052S50300296

Superficie Catastro: 13.605 m2.

Autor do Proxecto: Pablo Pol Barros, arquitecto Colexiado 4023.

Proxecto: Básico. Visado polo Colexio Oficial 26/07/2016, nº 1604514,1

Dirección de Obra: Pablo Pol Barros, arquitecto Colexiado 4023.

Oficio de Dirección: Visado polo Colexio Oficial 26/07/2016, nº 1604514,2

Dirección de Execución: n/d

Orzamento (P.E.M.): 41.730,00 €

P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 95.001,19 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, p:lr el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana

2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,

3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 27/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,

5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,

6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).

7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.

10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

11 R.D, 2187/1978, de 23 de junio de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

12. Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

13. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

14 Planeamento do Concello de Silleda

14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.

14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991

14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995

14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002

14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981

14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002

14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007

14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012

14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012

14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1, Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Elisa Ferreiro Mato, presentada con R.E. 3274 de 28.XUI,2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Pablo Pol Barros, arquitecto colexiado 4023 e xustificante de pago de taxas municipais. A solicitante aporta autorización asinada pola Axencia Galega de Infraestruturas o día 20 de setembro de 2016 (r.s.94417/RX1396934 de 01/10/2016),

2, O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14,13 da normativa de aplicación deste informe técnico), No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos, Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3, O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras, A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143,2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4, O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**, Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 14,13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Rehabilitación de almacén agrícola para ampliación de vivenda unifamiliar en planta baixa e primeira**, está clasificado como **solo de núcleo rural histórico- tradicional**.

5, A edificación linda está próxima ao vial autonómico PO-534 Lalín (N525) - Folgos (N-541), A promotora aporta copia da autorización da AXI, asinada o 20 de setembro de 2016 e remitida con rexistro de saída 94417/RX139634 de 01/10/2016,

6, A rehabilitación de vivendas anteriores a 1975 está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento

da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

7. Cumprimento dos artigos 39,91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p>	
<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p>	SI
<p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p>	
<p>- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.</p>	SI
<p>- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.</p>	SI
<p>- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.</p>	SI
<p>- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.</p>	SI
<p>Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p>	
<p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:</p>	
<p>- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).</p>	
<p>- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.</p>	
<p>- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo</p>	SI

ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados

SI

SI

Non

deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

procede
Non procede
Non procede
Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

N/d
SI

8 . O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan 2012	Xeral	Cumpre
Superficie mínima de parcela	600	2000	3000		Rehab
Altura de cornixa	6,10 m	7,00 m	7,00		Si
Ocupación máxima	15,24%	20%	20%		Rehab
Superficie ocupada en planta					Si
Número máximo de plantas	B +1	B+1	B+1		Rehab
Recuamento a lindeiros	Existentes	5 m	5 m		Rehab
Separación a vía pública	Existentes	4 m	4 m		Rehab
Acceso rodado	SI	SI	SI		Si

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as **normas de habitabilidade de vivendas de Galicia**. (plano nº X e punto X da memoria).

11. Non consta na documentación a **certificación de eficiencia enerxética** debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes]. O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

12. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, o **tratamento de augas**.

13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, o **abastecemento de auga**.

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o

orçamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu., multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup.	€/m ²	Tipo de obra	C ₁	Tipo de uso	C _u	C _g	
Planta baixa	1	92,27	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	47.500,60 €
Planta primeira	1	92,27	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	47.500,60 €
TOTAL	184,54 m ²							PEM	95.001,19 €

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

16.1 Servizo provincial de Estradas da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas. A solicitante aporta autorización asinada pola Axencia Galega de Infraestruturas o día 20 de setembro de 2016 (r.s.94417/RX 1396934 de 01/10/2016).

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Rehabilitación de almacén agrícola para ampliación de vivenda unifamiliar en planta baixa e primeira solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficio de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes.
3. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a ELISA FERREIRO MATO para rehabilitación de almacén agrícola para ampliación de vivenda unifamiliar en planta baixa e primeira, no lugar de Freixeiro, nº 28, parroquia de Laro (Silleda), parcela con referencia catastral 36052S50300296, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficio de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes.
3. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais:

Segundo .- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
95.001,19	95.001,19	2,25 %	2.137,53	0,00	2.137,53

Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes,

dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxizo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

4.3.- Construcción de nave industrial para almacén de material de construcción. FERNANDO PENA CARAMÉS.

Vista a solicitude de licenza, presentada por FERNANDO PENA CARAMÉS, Rexistro de Entrada nº 5693 de data 22 de decembro de 2016, para construción de nave industrial para almacén de material de construción, no Parque Empresarial Área 33, marxe A, mazá 4, parcela 3 (Silleda), segundo proxecto básico do arquitecto Martín Pereiras Corzón.

Visto o informe emitido o 3 de abril de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Fernando Pena Caramés

Data de rexistro: 22.DEC.2016

03.MAR.2017

Nº: 5693

920

Data escrito: 22.DEC.2016

Solicitude: Construcción de nave industrial para almacén de material de construcción.

Tipo de Solicitud: Obra Maior Superficie construída: 1.003,01 m2.
Emprazamento: Parque Empresarial Área 33, marxe A, mazá 4, parcela 3
Referencia catastral: 36052A038007440001LH Superficie Catastro: 1.278 m2
Autor do Proxecto: Martín Pereiras Corzón, arquitecto colegiado 4236
Proxecto: Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colexial obligatorio)
Dirección de Obra: n/d
Dirección de Execución: n/d
Exposición pública: BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 82.625,40 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 177.802,65 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, p.: Ir el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- 11 R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
12. Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
13. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
14. Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 15.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 15.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 15.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 15.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 15.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016

16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Fernando Pena Caramés, presentada con R.E. 5693 de 22.DEC.2016. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Martín

Pereiras Corzón, arquitecto Colexiado 4236. Posteriormente, a requirimento deste arquitecto, o promotor aporta diversa documentación e xustificante de pago de taxas municipais,

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados polo Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo Urbano, ordenanza Industria e Almacén, I.A.**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe, é de aplicación o mesmo réxime posto que se trata dun **área de planeamento incorporado**, grafado como tal na documentación aprobada inicialmente.

5. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o arto 17 da Lei do Solo de Galicia.

6. Consonte ao Plan Parcial vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido no parágrafo 3.5.4 **usos autorizados:**

3.5.4 USOS AUTORIZADOS

En general se entenden autorizados el conjunto de operaciones que se ejecutan para la obtención y transformación de materias primas, su envasado, almacenaje, distribución, y reparación, así como la artesanía.

Así mismo albergará actividades industriales que por su envergadura y efectos producidos necesitan localizarse en áreas cuyo uso principal sea el industrial

INDUSTRIAS DE LA CONSTRUCCION

Talleres de pintura y decoración, escultura, cantería y ouúmentacton de piedras artificiales, vidriería y, en general, los dedicados a la preparación de materiales pétreos, naturales o artificiales, cerámicos. vidrios, áridos y aglomerados, etc.

INDUSTRIAS ELECTROMECÁNICAS

Talleres de ferretería, fontanería, hojalatería, bronceístas, platerías, fabricación de camas y muebles metálicos, juguetería, óptica y mecánica de precisión: reparaciones electromecánicas, con exclusión de los destinados únicamente a reparación de automóviles o anejos a las instalaciones de transporte urbanos; fabricación de instrumentos de música, etc.

INDUSTRIAS DE LA MADERA

Talleres de carpintería, tapicería, decorado y acabado de muebles cuya materia principal sea la madera; juguetería no mecánica; instrumentos de música con caja de madera; fabricación y preparación de embalajes y de pasta de madera; productos sintéticos, concha, celuloide, pasta de papel y cartón, etc.

INDUSTRIAS QUÍMICAS

Talleres y laboratorios de preparación de productos químicos en general; tratamientos químicos de productos de cualquier clase, incluso pieles y su curtido; productos y especialidades farmacéuticas, productos de perfumería y limpieza y fabricación de vidrios, esmaltes, pinturas, lacas y barnices, etc.

INDUSTRIAS TEXTILES Y DEL VESTIDO

Talleres de confección y adorno de ropas de todas clases, sombrerería, zapatería y guantería;

guarnicionería; reparación, acabado, tinte y limpieza de ropas; confección de adornos, joyería y bisutería, talleres de hilado, tejidos, encajes, incluso de apresto y acabado de los mismos. etc.

INDUSTRIA DE LA ALIMENTACIÓN

Tahonas, hornos de confitería, bol/erío, galletas, etc., preparación, refinado y cortado de azúcar; torrefacción de granos, café, cebada, achicoria, cacao, incluso molido y envase de estos productos vegetales y animales, y vaquerías y cabrerías; preparación y envasado de leche y productos lácteos; preparación de conservas a base de carne y pescado; productos alimenticios a base de residuos de matadero. preparación y envase de bebidas, fábricas de hielos, heladerías e instalaciones frigoríficas de conservación; fabricas de cerveza y harinas, etc.

INDUSTRIAS GRAFICAS DE ELABORACION DE PAPEL Y CARTON

Talleres de imprenta, litografía, encuadernación y artes gráficas en general; de cortado, doblado, engomado de objetos de papel y cartón, con impresión o sin ella, de grabado y fabricación de rótulos esmaltados, talleres y laboratorios de fotografía y artes fotomecánicas y de revelado, copiado. montaje, doblado y sonorización de películas, etc.

INSTALACION DE LOS SERVICIOS DE DISTRIBUCION DE ENERGIA ELECTRICA, AGUA y LIMPIEZA

Estaciones de generación, transporte, transformación y distribución de energía eléctrica; instalaciones de elevación, conducción, distribución y depuración de aguas; limpieza, desinfección, destrucción o aprovechamiento de productos residuales urbanos, etc.

INDUSTRIAS VARIAS

Siempre que la normativa específica vigente y la Corporación Municipal, así lo autorice o considere oportuno.

7. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **uso almacén**:

ART.127.- DEFINICION,- Se define como el Uso correspondiente a las actividades destinadas a la conservación y almacenamiento de productos o artículos para ser distribuidos posteriormente. Se podrán efectuar operaciones secundarias que transformen parte de los productos almacenados para su venta a la industria o al comercio.

ART.128.- CLASIFICACION

1,- Se distinguen los siguientes GRADOS:

(...)

4°,- Almacen en Polígono

2,- Se establecen las siguientes situaciones:

(...)

B,- EN ALMACENES INDEPENDIENTES.- Aquellas actividades ubicadas en construcciones o Naves destinadas a este uso exclusivo, Podrán localizarse:

- En Areas o Polígonos mixtos o de almacen cuyas ordenanzas lo permitan.

- Aisladas,

ART.129.- CONDICIONES

Con carácter general y particular se estará a lo determinado en los Títulos V y VII de las presentes NORMAS, Con carácter específico para cada actividad, según las exigencias derivadas del proyecto o actividad concreta.

ART. 130.- APARCAMIENTOS OBLIGADOS

En Ordenación Cerrada o Semicerrada una plaza por cada 200 m² o 4 empleos, En Ordenación Abierta una plaza por cada 100 m² o 4 empleos,

Solo se exigirán en grados 3°, 4° Y 5° Y en 1° Y 2° cuando ocupen más de una planta.

8, Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

9. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Xeral/ SOLO	Plan LEI	Plan Xeral 2012	Cumpre
ÁREA 33					
Ocupación máxima	69,56%	70%			Si
Edificabilidade máxima	0,7434	1 m2/m2		Art. 329.3.c	Si
Recuamento frontal	5 m	5 m			Si
Recuamento lateral	acaroadá*	3 m (acaroadá m.p. 2012)			Si
Número máximo de plantas	2	2			Si
Altura máxima	8,70 m	9 m			Si
Altura máxima soto		3 m			Si

10, * O promotor aporta (r.e. 920 de 03,MAR,201 7) copia compulsada de:

10,1 Acordo de **adosamento de naves** asinado o día 5/4/2011 entre o promotor e D^a María José Mella Villamayor, como propietaria da parcela número 4,

10,2 Acordo de **adosamento de naves** asinado o día 9/11/2016 entre o promotor e D^o Isaac Fernández Sarmiento, como propietario da parcela número 2,

11, O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto,

12, O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI,segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto,

13, O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Real Decreto 2267/ 2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o **Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto,

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais. considérase inadecuado, o orzamento que figura na memoria técnica, Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m², para un coeficiente de tipo edificatorio, Ct, e un coeficiente de tipo de uso Cu., multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

	nº	Sup.	€/m ²	Tipo de obra	C ₁	Tipo de uso	C _u	C _g	
Planta baixa	1	863,34	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Almacén e naves industriais	0,3	0,9	133.334,23 €
Planta primeira	1	86,38	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Oficinas	1	0,9	44.468,42 €
TOTAL		949,72 m²					PEM		177.802,65 €

15. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Construción de nave industrial para almacén de material de construción solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- 1. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.*
- 2. Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.*
- 3. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.*
- 4. Folio de edificación e estatística cumprimentada.”*

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a FERNANDO PENA CARAMÉS para construción de nave industrial para almacén de material de construción, no Parque Empresarial Área 33, marxe A, mazá 4, parcela 3 (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A038007440001LH, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle:

1.- Que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- 1.1. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.
- 1.2. Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.
- 1.3. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
- 1.4. Folio de edificación e estatística cumprimentada

2.- Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, acompañado de certificación de estanquidade da foxa executada, emitido polo técnico director das obras, xunto con toda a documentación regulamentaria.

Segundo .- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
---------------------	----------------------	--------------	------------------	----------	----------------

60,00	60,00		60,00	60,00	0,00
-------	-------	--	-------	-------	------

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
177.802,65	177.802,65	2,25 %	4.000,56	1.859,07	2.141,49

Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no

prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

5º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ.

Pola Concelleira D^a M^a Pilar Peón Iglesias, dase conta do borrador do texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ, que transcríbese a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ

REUNIDOS:

Dunha parte D^a. Maite Isla Avión, con DNI nº-----, en calidade de Presidenta da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, co CIF G 15924558.

De outra parte D. Manuel Cuiña Fernández, con DNI-----, en calidade de Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Silleda, co CIF P-3605200-I

INTERVEÑEN:

En nome e representación das súas respectivas Institucións e recoñecéndose mutua e recíprocamente capacidade para obrigarse a subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN entre ambas entidades.

EXPOÑEN:

As vacacións en paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propiciarlles unha estancia agradable e humanamente ricas aos nenos e nenas saharauís. Trátase de ofrecerlles a estas nenas e nenos nados no medio dun clima de guerra e sometidos as duras condicións dun campamento de refuxiados. Este programa dá a coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os nosos pobos e o Pobo Saharauí.

Estes nenos naceron nos campamentos de refuxiados saharauís situados dende fai máis de 40 anos na zona da Hamada alxeriana en Tindouf, preto da fronteira alxeriano saharauí; é dicir, son fillos dos saharauís que abandonaron os seus fogares ante a represión, invasión e ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do antigo Sáhara español en 1975. A vida destes nenos, nados no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias como o resto da poboación saharauí, privada do máis elemental e sobrevive dificilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, o Estado Español representa algo especial para os saharauís polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, os saharauís pertencen á comunidade de hispano falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.

Tendo en conta:

PRIMEIRO: Que o presente Convenio ten por obxecto regula lo desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2017" durante os dous meses do verán (xullo e agosto) no que nenes/as do pobo saharauí estarán no Concello de Silleda.

Os obxectivos deste Convenio serán os seguintes:

1. Garantilo seu dereito á saúde, realizando a tal fin os controis médicos pertinentes.
2. Garantilas necesidades fundamentais dos menores.
3. Asegurala súa integridade física e emocional.
4. Respectalas súas crenzas
5. Favorecela súa integración no seu medio durante a súa estadía no noso país.
6. Respectalo seu marco legal dos dereitos dos menores, tendo en conta que xa teñen a súa familia no seu país coa que teñen que volver o remate das vacacións.
7. Garantilo regreso ó seus pais coas súas familias.

Os obxectivos específicos de dito programa serán:

1. Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauís a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
2. Facilitar asistencia médica e de alimentación
3. Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.
4. Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega que estudan nos seus programas escolares.
5. Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre.
6. Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50º)

SEGUNDO: O Concello de Silleda responsabilizarase de:

1. En colaboración con SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, difundir o Programa Vacacións en Paz e colaboración na selección das familias acolledoras a través dun Técnico/a designado polo Concello.
2. Financiamento dos billetes dos nenos.
3. Xa que temos que saber a cantidade de nenes/as que temos que solicitar ás Xuventudes Saharauís, agradecemos que canto antes o Concello nos informe dos nenes/as que vai a financiar para o proxecto "Vacacións en Paz 2017".
4. O pagamento do proxecto "Vacacións en paz 2017" efectuarase antes do 30 de Abril do 2017.

Debido ás dificultades do programa, todos os anos hai que contar cun 2% de incidencias, alleas o noso traballo, na chegada dos menores; por exemplo: nenos que a última hora enferman e non poden viaxar ou algún problema no traslado dende os Campamentos ao aeroporto de Tindouf. O avión ao ser un voo charter, págase íntegro, e todos os Concel/os deben asumir as prazas dos nenos que están destinados a eses Concellos. Polo tanto non se fará a devolución dos billetes, posto que estes hai que paga los igualmente.

5. Recepción no Concello e presenza na entrega dos nenos ás familias acolledoras.
6. Presenza no acto de despedida dos nenas.
7. Designar un técnico/a do Concello que levará o programa cos Responsables do Proxecto.

TERCEIRO: Que a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, RESPONSABILIZARASE de:

- 1..Facer un seguimento exhaustivo do proxecto conxuntamente coa Delegación Saharauí para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.

2.A Asociación e a Delegación estará a disposición dos concellos e das familias para asesoralos e axudar a resolver o problemas que podan xurdir.

3.A Asociación organizará unha Xuntanza de convivencia entre os nenos saharauis e as familias acolledoras.

ACORDAN:

PRIMEIRO: Establecer oo presente Convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e a asociación Solidariedade Galega ea Pobo Saharai, en aras de unha mellor coordinación dos programas presentes e futuros a desenvolver, tendentes a propiciar a integración social dos menores Saharauis mentres dure a súa estancia en Galicia.

SEGUNDO: Os presentes comprométense a manter entre si un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que indican na integración acollemento das nenas e nenos saharauis que visitan o Concello de Silleda.

TERCEIRO: O ámbito de colaboración estará orientado preferentemente ós seguintes campos de actuación:

A apoiar o programa de Vacacións en Paz, evitando con esta viaxe que as nenas e nenos permanezan os meses de calor de xullo e agosto nos campamentos con temperaturas en ocasións de 50º e colaborar con esta subvención a sufragar os pasases dos nenos e nenas acollidos no Concello de Silleda.

Ademais desta subvención a facilitar as nenas e nenos que nos visitan a participación en alternativas de ocio e tempo libre.

A realizar polo Concello un acto recepción e despedida das nenas e nenos participantes do programa.

CUARTO: A contribución económica por parte do Concello de Silleda ó programa "Vacacións en Paz 2017" para contribuír a sufraga los gastos derivados da execución do mesmo será de 1.000 €. As liñas aéreas alxerianas esixen que o pago sexa efectuado con anterioridade ó 15 de Maio do 2017. Nas Comunidades que non realicen o pago, os avións das Liñas Aéreas Alxerianas non realizarán esta viaxe. Polo tanto, pregámoslle que a subvención sexa aboada antes desta data. Abanca ES40 2080 5056 13 3040034374.

QUINTO: A vixencia deste Convenio rematará na data prevista para o retorno dos nenos saharauis, prorrogándose este para o ano seguinte de continuar o programa "Vacacións en Paz" no Concello de Silleda e sempre que ambas partes estean de acordo.

Este convenio surtirá efecto dende a data de asinamento

En proba de conformidade as partes asinan o presente Convenio en:

Silleda a ___ de abril de 2017

Asdo. D^a Maite Isla Avión
Presidenta de SOGAPS

Asdo. D. Manuel Cuiña Fernández
Alcalde-Presidente do Concello de Silleda"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación ó texto do convenio anteriormente transcrito.

6º.- CONCESIÓN DE PREMIOS DO II CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO.

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2017 aprobáronse as bases da convocatoria que ten por obxecto a concesión de premios do II Concurso de Cómico da Biblioteca pública municipal Daniel Castelao do Concello de Silleda, co tema

"IGUALDADE E SOLIDARIEDADE" .

Vista a Acta de proposta do xurado, de data 12 de abril de 2017, que transcríbese a continuación:

“ACTA DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS PREMIOS DO II CONCURSO DE CÓMIC BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DANIEL CASTELAO

*LUGAR : Casa da Cultura de Silleda
DATA: 12 de abril de 2017*

*HORA DE COMEZO: 11:00
HORA DE REMATE: 11:30*

Reunidos na Casa da Cultura de Silleda o xurado seleccionador do II Concurso de Cómic Biblioteca Pública Municipal Daniel Castelao, previsto pola Xunta de Goberno Local.

O xurado está composto por:

- Francisco Alén Pena*
- Teresa González Barrio*
- Marisa Miguélez*

O xurado procede en primeiro lugar a selección da categoría de educación primaria, e tras unha análise de todos os traballos presentados, propón a Xunta de Goberno Local que se lles outorguen os premios aos traballos que a continuación se relacionan:

Educación Primaria:

*1º mellor cómic, 150€ e unha tablet para cada un dos/as gañadores/as para:
" Superior a ti" (6ª curso, Ceip Silleda).*

*2º mellor guión, 75€ e un lote de material escolar para cada membro do grupo, para:
"A muller do Alcalde de Silleda" (Ceip Silleda).*

*3º mellor ilustración, 75€ e un lote de cómics para cada membro do grupo, para:
"A historia do Poliño" (5º Ceip Ramón de Valenzuela).*

Educación Secundaria obrigatoria, ESO

Na categoría de educación secundaria, ESO, o xurado acorda propoñer como gañadores aos traballos que a continuación se relacionan:

*1º mellor cómic, 150€ e unha tablet para cada un dos/as gañadores/as para:
"Desigualdade no século XXI" (4ª da ESO IES PINTOR COLMEIRO).*

*2º mellor guión, 75€ e un lote de material escolar para cada membro do grupo, para:
"Solidariedade e Igualdade" (1º ESO, IES PINTOR COLMEIRO).*

*3º mellor ilustración, 75€ e un lote de cómics para cada membro do grupo, para:
"Que desastre de mundo" (4º da ESO, IES PINTOR COLMEIRO).*

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión e eu asino esta acta como secretaria.

Francisco Alén Pena

Teresa González Barrio

Marisa Miguélez.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA prestar aprobación á proposta de premios do Xurado do II Concurso de Cómic da Biblioteca pública municipal Daniel Castelao do Concello de Silleda, co tema "IGUALDADE E SOLIDARIEDADE",

segundo a Acta transcrita anteriormente.

7º.- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE UN VEHÍCULO TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO O SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO.

Visto que o obxecto do contrato é a realización da subministración de UN VEHÍCULO TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA, codificación é CPV 16700000-2.

Visto o informe emitido polo Secretario do Concello, de data 17 de abril de 2017.

Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, de data 17 de abril de 2017.

Vistos o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Condicións Técnicas do contrato de suministro, por procedemento negociado sen publicidade denominado “**Un vehículo tractor polivalente destinado ao Servizo de Mantemento e Limpeza de Redes Viarias do Concello de Silleda**”.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de suministro por importe de 41.322,31 € máis IVE “**Un vehículo tractor polivalente destinado ao Servizo de Mantemento e Limpeza de Redes Viarias do Concello de Silleda**”

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 50.000,00 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 153.623, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de suministro, por procedemento negociado sen publicidade: “**Un vehículo tractor polivalente destinado ao Servizo de Mantemento e Limpeza de Redes Viarias do Concello de Silleda**”.

TRANSCRÍBESE:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a realización da subministración de UN VEHICULO TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA, codificación é CPV 16700000-2.

DESCRIPCION XERAL DO SUMINISTRO.- O vehículo a subministrar cumprirá como mínimo as características recollidas no prego de prescricións técnicas

O vehículo subministrado será novo, venda de primeira man e se entregará matriculado, I.T.V., e cantos requisitos sexan esixibles para a súa correcta circulación, así como os documentos de garantía do chasis, carrocería e accesorios, manuais de instrucción de manexo, dotación de ferramentas e manual de pezas de reposto. Ademais virá equipado coa normativa de seguridade vixente y con declaración de conformidade C.E.

O vehículo entregarse nas dependencias municipais designadas a tal efecto. En caso de duda, os concursantes, no prazo de presentación de ofertas, poderán recabar dos servizos municipais correspondientes unha maior concreción dos elementos a subministrar.

O vehículo suministrarse rotulado, dispoñéndose na totalidade da superficie de ambas portas o logo do Concello de Silleda.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como o establece o artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de subministración de UN TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA será o negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e despois de negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, xa que se asegurará a concorrencia de candidatos, é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 41.322,31 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 8,677,69 euros, o que supón un total de 50.000 euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 41,322,31 euros (IVE excluído).

Os licitadores valorarán como parte do precio da súa oferta, a tractor que aporta o Concello de Silleda, cuías características se detallan no prego de prescricións técnicas.

O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 153-62300 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

O contrato finalizará coa sinatura da acta de recepción dos bens subministrados.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios **non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións para contratar** do artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

Serán de aplicación os requisitos mínimos de solvencia establecidos nos artigos 11.4 e 67 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas para o tipo de contrato correspondente.

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario deberá acreditarse mediante a presentación de declaracións apropiadas de entidades financeiras.

3.2. Nos contratos de subministración, a **solvencia técnica** dos empresarios deberá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes :

a) Relación das principais subministracións efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no que o empresario estea establecido, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse a petición da entidade do sector público contratante.

f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas].

CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de ofertas e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello de Silleda, r/ Trasdeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación para participar.

As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos

artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente, ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación da subministración de UN TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA ". A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre "A": Documentación administrativa.
- Sobre "B": económica e documentación.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE "A" **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

[ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE]

Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

"MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con NIF n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación do contrato de subministración de UN TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA , ante o Concello de Silleda

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar a contratación da subministración de UN TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA, ante o Concello de Silleda

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de subministración de un tractor polivalente, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____ "

SOBRE "B" PROPOSICIÓN ECONÓMICA

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con NIF núm. _____, en representación da entidade _____, con NIF núm. _____, despois

de recibir a invitación para a presentación de ofertas e informado das condicións e requisitos que se esixen para adxudicación por procedemento negociado do contrato de subministración de _____, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

Asimesmo, comprométese a adquirir o tractor usado propiedade do Concello de Silleda, Marca CLASS (precio mínimo a ofertar 16.000 €)

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____ "

b) Documentos que permitan valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación. no que se incluírá a documentación relativa ás cuestións relacionadas cos criterios de adxudicación cuxa cuantificación require un xuício de valor de coformidade co art. 150 TRLCSP)entre os que se presentará unha memoria descriptiva onde se especificarán todas as características técnicas do VEHÍCULO TRACTOR, achegando catálogos, folletos, fotografías...Para facilitar o traballo de avaliación das ofertas, os licitadores diferenciarán claramente e de forma inequívoca as características mínimas exisidas no prego de prescripcións técnicas e as que realmente supoñen unha mellora da oferta

CLÁUSULA OITAVA Garantía provisional

Exímese aos licitadores de constituir garantía provisional

CLÁUSULA NOVENA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da máis vantaxosa economicamente atenderase a varios aspectos de negociación:

1. **Mellor oferta económica ata 40 puntos.-** O precio final da oferta económica estará conformado polo importe do equipo ofertado, tendo en conta a cantidade que igualmente se oferte pola adquisición obligatoria do tractor municipal.

Obterase a media dos precios ofertados polos licitadores, así como as súas respectivas baixas respecto ao tipo de licitación. Asígnanse 40 puntos á oferta que maior baixa presente respecto da a oferta tipo, sin considerarse incursas en desproporción, e se asignará 0 puntos á oferta que se iguale coa oferta tipo, o resto de ofertas interpolaranse linealmente entre ambas.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou anormais as ofertas que se encontren nos supostos contemplados no artigo 85 del RGLCPA.

2. **Melloras en suministros en relación directa co contrato hasta 55 puntos,** valorables economicamente, que se ofrezan fora de este prego, hasta un

máximo de 55 puntos.

As devanditas melloras valoraranse economicamente se asignará 55 puntos á proposta cuia valoración sexa a mais alta e cero á mínima. O resto de ofertas interpoláranse linealmente entre ambas.

3. **Garantía del suministro**, Asignaranse **5 puntos** á proposta que ofrezca unha mellor garantía e cero á mínima exigida que se establece en dous anos. O resto de ofertas interpoláranse linealmente entre ambas.

CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de contratación

Non se constitúe mesa de contratación

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) *Interpretación do contrato.*
- b) *Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.*
- c) *Modificación do contrato por razóns de interese público.*
- d) *Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos dela.*

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Requirimento de documentación

[A apertura das ofertas deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentalas.]

O órgano de contratación avaliará a documentación administrativa contida nos sobres "A". e concederá un prazo non superior a tres días para que o candidato corrixaos defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

Procederáse despois á apertura e exame do sobre "B"; nese momento poderá solicitarse os informes técnicos que se consideren precisos.

Unha vez recibidos os informes, se realizará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público xa que a achega inicial da documentación foi substituída por unha declaración responsable do licitador), así como de estar ao día no

cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

[Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nestes pregos].

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Garantía definitiva

O licitador que tivese presentado a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido..

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a

recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederá, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Adjudicación do contrato

Despois de recibir a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato nos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

[No procedemento negociado, a adjudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato].

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios recollidos no prego.

A adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores e, ao mesmo tempo, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- X En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.*
- X A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- X En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que se seleccionase a oferta deste con preferencia sobre as que presentaran os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.*
- X Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.*

[A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adjudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán ao seu cargo.

[Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso, se esixise].

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

- A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que teña que ser entregado como consecuencia do contrato e poderá ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar todas as disposicións que considere oportunas para o estrito cumprimento do convido.

- O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou danos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.

[Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia destes durante o tempo que medie entre unha e outra.

- Gastos esixibles ao contratista. Son da conta do contratista os gastos e impostos da formalización do contrato, así como outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, en forma e contía que estas sinalen.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Revisión de prezos

Non procede

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Prazo de garantía

Establécese un prazo de garantía de dous anos contados desde a data de entrega dos bens; se durante este se acredita a existencia de vicios ou defectos na subministración, a Administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación destes se fose suficiente.

Se a Administración considerase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e sempre que exista a presunción de que a reposición ou reparación dos devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar o devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, segundo o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Unha vez rematado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Facturas

Conforme á disposición adicional trixésimo terceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

Na factura incluíranse, os datos e requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, así como na normativa sobre facturación electrónica

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Execución do contrato

O contratista está obrigado a cumprir o contrato no prazo total fixado para a realización deste, sendo o prazo de entrega de un mes dende a formalización do contrato.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Modificación do contrato

Non procede

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por incumprimento

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en mora con respecto do cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias previstas no artigo 212.4 do TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do contrato, ou para acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas

penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades en proporción á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, se houberse un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban ser aboadas ao contratista ou sobre a garantía que, se é o caso, estivese constituída, cando non se poidan deducir das devanditas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se indican neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 299 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración, no que excedan o importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o que non estea previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. Ademais, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, se non, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Silleda, 17 de Abril de 2017
O Alcalde.- Asdo: Manuel Cuiña Fernández”

CUARTA.- Aprobar o Prego de Condicións Técnicas que rexerán o contrato.

ANEXO:

- O prego de condicións técnicas: Prego de Condicións Técnicas. Contrato de suministro, por procedemento negociado sen publicidade: **“Un vehículo tractor polivalente destinado ao Servizo de Mantemento e Limpeza de Redes Viarias do Concello de Silleda”**.

TRANSCRÍBESE:

“PREGO DE CONDICIONS TECNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TRACTOR POLIVALENTE, DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA

1.-OBXECTO.- O presente prego ten por obxecto definir as especificacións e características mínimas exixibles para a adquisición dun vehículo tipo tractor destinado ao Servizo Municipal de Limpeza do Excmo. Concello de Silleda.

2. PRESENTACION DE OFERTAS.- As ofertas presentaranse conforme ao procedemento e requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas e, en todo caso, deberán cumprir as seguintes disposicións: a) Indicar claramente o importe total (iva incluído). b) Concretar co máximo detalle as características do vehículo, a súa marca e modelo, dimensións, garantía ofrecida e tempo de duración da mesma. c) Deberán acompañar un catálogo no que se inclúa a descrición do material ofertado. d) Definir o contido do servizo técnico post-venda, indicando a frecuencia de revisións a efectuar, forma e lugar

3. DESCRIPCION XERAL DO SUBMINISTRO.- O vehículo a subministrar cumprirá como mínimo as seguintes características:

- Motor diesel de 4 cilindros turboalimentado.

- Pontencia homologada segundo norma ECE-R24 en réxime nominal igual ou superior a 105 C.V. (máximo 150 CV)

- Refrixeración por auga

As velocidades do tractor (polo menos as máis curtas) estarán en consonancia coa capacidade dá rozadora. Ou cambio de velocidades ha de ser electrohidráulica con inversor hidráulico.

FREOS:

a) De servizo: De disco en baño de aceite, con accionamiento hidroestático, por

- pedales, independentes a cada roda.*
- b) *De aparcamiento: De disco en baño de aceite, totalmente independentes do servizo.*

DIRECCIÓN: Hidroestática con circuíto e bomba totalmente independentes do sistema hidráulico do tractor. Tanto ou ángulo como ou radio de xiro farao constar ou ofertante.

RODAS: Serán as adecuadas para traballos propios de roce en estradas, e irán equilibradas mediante contrapesos. Ou ofertante detallará as medidas das rodas.

EQUIPO ELÉCTRICO: Levará batería de 132 AH e alternador. Quentador de arranque en frío. O par será eléctrico mediante a chave de contacto.

PESO: Con contrapesos, e en orde de traballo será de 3.500 kg como mínimo sen rozadora e debe ser ou idóneo para traballar coa rozadora montada.

CARROCERÍA: Plataforma suspendida sobre soportes de goma para evitar vibracións durante ou traballo ou marcha.

Cabina de seguridade homologada, totalmente acristalada para unha mellor visibilidade do operario, pechadura de chave nas portas, limpiaparabrisas e luz interior incorporada. Ventilación de aire forzado así" como calefacción con regulador de potencia. Aire acondicionado.

Asento xiratorio

CAPOT: Con paneles que cubran totalmente ou motor.

INSTRUMENTOS DE CONTROL: Levará conta-quilómetros, indicador de temperatura de auga, consumo de combustible, presión de aceite e carga de batería, así como testemuñas luminosas de carga de alternador e indicador de manobras (avisador acústico de marcha atrás).

LUCES: As esixidas pola lexislación vigente para circular por estrada. Levará sinalización intermitente de urxencia, así como torreta giratoria de luz destellante cor ámbar non teito da cabina.

TOMA DE FORZA: Provista de embrague independente para ou accionamiento do sistema hidráulico da rozadora, de circuíto aberto, con filtro e válvula de seguridade, así como control de esforzo.

Incorporará un distribuidor auxiliar para cilindros de simple ou dobre efecto. Para un mellor rendemento da máquina estará previsto sistema de enfriamento do circuíto hidráulico.

O tractor virá provisto para ou seu mantemento e pequenas reparacións de caixa de

ferramentas, bomba de engrase, etc. Necesarias para a boa conservación do mesmo. Así mesmo deberá cumprir as condicións necesarias para poder axustarlle unha rozadora con cabezal cortador do tipo dous existentes non resto dous tractores existentes en Maquinaria.

Toda documentación, manuais para uso e mantemento do tractor e da rozadora virán en castelán ou galego.

O vehículo subministrado será novo, venda de primeira man e entregará matriculado, I.T.V., e cantos requisitos sexan exhibibles para a súa correcta circulación, así como os documentos de garantía do chasis, carrocería e accesorios, manuais de instrución de manexo, dotación de ferramentas e manual de pezas de reposto. Ademais virá equipado coa normativa de seguridade vixente e con declaración de conformidade C.E.

O vehículo entregarse nas dependencias municipais designadas para ese efecto. En caso de dúbida, os concursantes, no prazo de presentación de ofertas, poderán solicitar dos servizos municipais correspondentes unha maior concreción dos elementos a suministrar.

O vehículo subministrarse rotulado, dispoñéndose na totalidade da superficie de ambas portas os logos da Deputación de Pontevedra e do Concello de Silleda, no prazo máximo recollido no Prego de cláusulas administrativas.

Os licitadores valorarán como parte do prezo da oferta, a tractor usado que aporta o Concello de Silleda cuxas características relaciónanse a continuación:

CARACTERÍSTICAS:

MARCA: CLASS

Modelo: CELTIX 4564RM

Peso: 8500 Kg

Nº serie: 3641218

Matricula E7414BBC

Año primeira matriculación: 6/ago/2004

Silleda, 17 de abril de 2017

Asdo. Manuel Cuiña Fernández.- ALCALDE”

QUINTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Agromaquinaria Silleda, S.L.
Ponte da Pedra, nº 5 - Negreiros
36.546 - Silleda
- Agroveiras, S.L.

A Mera, 31
36.540 - Silleda
- Hnos Villar, S.L.
Peroxa, s/n - Lamela
36.579 - Silleda

8º.- EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO”.

Visto que o obxecto do contrato é a realización da obra “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO”, codificación é CPV 45233250-6.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 17 de febreiro de 2017, acórdase a aprobación deste proxecto, redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, de data febreiro de 2017, ascendendo o orzamento total (incluído IVE) a cantidade de 214.107,38 €

Visto o informe emitido polo Secretario do Concello, de data 17 de abril de 2017.

Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, de data 17 de abril de 2017.

Vistos o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominado “**Reforma do Campo de Fútbol de Silleda-Outeiriño**”.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 176.948,25 € máis IVE “**Reforma do Campo de Fútbol de Silleda-Outeiriño**”.

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 214.107,38 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 151.61900, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

ANEXO:

- O prego de cláusulas administrativas particulares: Prego de Cláusulas Administrativas particulares. Contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade: “**Reforma**

do Campo de Fútbol de Silleda-Outeiriño”.

TRANSCRÍBESE:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

**CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE:
REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación do contrato

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes na REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO, cuxa codificación é CPV 45233250-6, conforme ao proxecto técnico redactado pola Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, aprobado en Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2017.

As actuacións consistirán na mellora e acondicionamento do referido campo de fútbol, tal como consta no proxecto redactado ao efecto e que servirá como Prego de prescripcións técnicas.

Tómase en consideración que a obra está subvencionada pola Deputación de Pontevedra segundo resolución de concesión de subvención de data 20 de marzo de 2017, e que a necesidade da actuación que se pretende está xustificada no expediente de solicitude de subvención.

*Debido ao seu carácter de obra subvencionada, o que resulte adxudicatario da mesma asumirá a obriga da colocación do cartel publicitario durante a execución do proxecto en que conste expresamente o financiamento da Deputación de Pontevedra, segundo o modelo que se recolle nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2017 (**Plan Concellos 2017**) e sen que teña repercusión no prezo da execución da actuación.*

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrência; é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a

realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 214.107,38 euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de 176.948,25 euros, e no imposto sobre o valor engadido de 37.159,13 €.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 176.948,25 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións deste.

O importe aboarase con cargo á partida 151-61900 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato de obras de REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO será de un mes.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación de replanteo previo no prazo de CINCO días desde a data de formalización do contrato.

Non poderán existir prórrogas

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da**

Unión Europea, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán presentar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron

segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo. De ser o caso, tales certificados seranlle comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración en que se indiquen os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, de que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do persoal responsable das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración en que se indique a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución das obras, á que se lle xuntará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

Dita clasificación no será esixible nos contratos de obras de valor estimado inferior a 500.000 euros, de conformidade coa disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.]

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de proposicións e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no concello, na Rúa de Trasedeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 148 e 149 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación das obras de **REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO**. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre "A": **Declaración responsable.**
- Sobre "B": **Oferta económica e documentación.**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE "A"

DECLARACIÓN RESPONSABLE

a) **Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

"MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación **REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO**, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente na REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____ "

SOBRE "B" OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación dunha oferta e xa que estou informado das condicións

e requisitos esixidos para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de **REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SILLEDA-OUTEIRIÑO** fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do candidato

Asdo.: _____."

b) Documentos que permitan ao órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional

En consonancia co disposto no artigo. 103 do RDLeg 3/2011 TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

O órgano de contratación, sin perxuicio de que éste poida solicitar os informes que estime oportunos, aplicará estos criterios para a adxudicación:

1.- Melloras adicionais (de 0 a 9 puntos)

Melloras na calidade dos materiais a decidir pola dirección de obra. Ate nove puntos como máximo por dito incremento.

Puntuarase proporcionalmente segundo informe técnico municipal.

As melloras que se ofrezan haberán de estar valoradas economicamente

2.- Ampliación do prazo de garantía (de 0 a 1 punto)

Valorarase en 0.25 puntos por ano de aumento do prazo de garantía, cun máximo de 4 anos sobre o prazo inicial recollido na cláusula vixésima segunda.

3.- Oferta económica (de 0 a 2 puntos)

Otorgarase a puntuación máxima á oferta economicamente mais ventaxosa e a mínima (0 puntos) á menos ventaxosa en termos económicos, puntuándose as restantes proporcionalmente ao seu valor económico.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou anormais as ofertas que se

encontren nos supostos contemplados no artigo 85 del RGLCPA.

No suposto de igualdade de proposicións, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade: Decidirase por aquel candidato que ofertara o menor prazo de execución; de persistir o empate, o que obteña maior puntuación nas melloras; si aínda así persiste o empate, o que ofertara maior prazo de garantía, e de continuar o empate o que ofertara menor precio. Caso de persistir o empate decidirase por sorteo.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Mesa de contratación

Por ser de carácter optativo ao tratarse de procedimientto negociado sen publicidade, non se constitúe ni actúa no presente contrato

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.*
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.*
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.*
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.*

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. -Apertura de ofertas

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á apertura das proposicións, previa comprobación da existencia das declaracións responsables dos licitadores:

Apertura das ofertas. *O órgano de contratación procederá a abrir os sobres "B" e comenará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.*

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da documentación

Recibidos os informes, de haber sido solicitados, o órgano de contratación propondrá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

*O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de **o cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (os recollidos na declaración responsable)**, así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a*

dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía definitiva

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido [un ano/6 meses] desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adjudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adjudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- X En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.*
- X A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- X En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.*
- X Na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á formalización.*

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adjudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución del, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se esixise.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e obrigas do adjudicatario

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e

certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para os supostos de subcontratación .

- Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.

- O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

- Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación até o límite máximo de 500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Facturas

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse os datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Plan de seguridade e saúde no traballo

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde [(ou, se é o caso), estudo básico de seguridade] do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

[Artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.]

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Revisión de prezos

Considerando o prazo de duración do obxecto de este contrato, os prezos no poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, por tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Recepción e prazo de garantía

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, se se nomeou, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación

deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daras por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de DOUS ANOS a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Execución do contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras. Para tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes dende a data da súa formalización, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego

de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao contratista o director facultativo das obras, [e, de ser o caso, o responsable do contrato], nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Modificación do contrato

Faise necesario recordar que (de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución), os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se preveise nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. *Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.*

2. *Se non fose previsto nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:*

X *Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.*

X *Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.*

X *Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.*

X

Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.

Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].

En ningún caso o Técnico Director municipal ou o adxudicatario poderán introducir o executar modificacións no obxecto de este contrato sin a debida aprobación técnica así como aprobación polo órgano de contratación competente, previa a preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito, según procedemento, requisitos e informes establecidos na normativa arriba referida.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Penalidades por incumprimento

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias nas proporcións recollidas no artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, impoñeranse penalidades na proporción do 10% do orzamento do contrato].

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste

prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En Silleda a 17 de Abril de 2017

O Alcalde.- Asdo.: Manuel Cuiña Fernández”

CUARTO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Construcciones Taboada y Ramos, S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - R/ C, parcela 26
36.512 - Lalín
- Endenor Construcción, Mantenimiento y Servicios S.L.

R/ Santa Eulalia, nº 5-3ºB
36.540 - Silleda (Pontevedra)
- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Lg. de Xestoso, s/n
36.549 - Silleda

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 17 de Abril de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga